

Texto: **GIANNI RODARI**  
Ilustración de portada: **PABLO OTERO**  
Tradución: **SILVIA GASPAR**

Encadernado en cartón. 180 páxinas. 15x21,5 cm.  
ISBN 978-84-8464-705-8

Prezo: 15 €

## GRAMÁTICA DA FANTASÍA

### Introdución á arte de inventar historias

**No “binomio fantástico”, as palabras non quedan prendidas no seu significado cotián; son liberadas das cadeas verbais das que decote forman parte, son “descontextuahzadas”, ‘estrañadas’, lanzadas unha contra outra baixo un ceo descoñecido. Entón, atópanse nas mellores condicións para xerar unha historia.**



“Inventar historias para nenos e axudalos a que as inventen eles mesmos, non para que uns e outros sexan artistas, senón para que ninguén sexa escravo”. Esta foi a intención de Gianni Rodari á hora de escribir “Grammatica della fantasia” (1973), unha obra de obrigada referencia para educadores, unha aportación sen precedentes á pedagogía contemporánea e o legado co que Rodari transmite a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura.

A orixe do traballo está nun encontro con docentes no que Rodari participou en 1972, invitado polo Concello de Reggio Emilia (Italia). Rodari invita con este manual a converter a palabra en xogo, ao tempo que desvela o proceso de escribir historias para nenos e axúdalles aos cativos a inventar novos mundos. “Gramática da fantasía” ofrécelle ao lector a posibilidade de demostrar que para entrar na realidade non só serven as portas, senón tamén as fiestras: “Así é máis divertido, e moito máis práctico”, afirmaba o escritor italiano.

Este título está destinado a docentes, educadores e todas aquelas persoas que cren que a imaxinación debe ocupar un destacado lugar na educación da infancia.



### GIANNI RODARI (Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Aínda que a súa vida discorreu allea á música, a súa vocación frustrada, poucos persoeiros como Rodari lograron destacar en tantas facetas como as que desenvolveu este renovador da literatura infantil e xuvenil. Político, xornalista, pedagogo e escritor, nesta última logrou o Premio Andersen en 1970.

Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Pola súa vinculación ao Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu L'Ordine Nuovo e trala súa incorporación ao diario milanés L'Unitá comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil. A partir de entón foise forxando o talento de quen se convertería na pedra angular deste xénero literario.

Baseou na realidade obras como “O planeta das árbores”, pero o humor e o éxito chegaron con títulos como “Contos longos como un sorriso”, “As aventuras de Cipollino”, ou “O libro das retahílas”. “Contos a máquina”, “Contos por teléfono” e “Contos para xogar” son tamén algunhas das súas obras mestras: pensáronse, respectivamente, para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias e permitir que o lector poida escoller o final do conto.

- **Temática:** manual de pedagogía
- **Público recomendado:** educadores e docentes
- **Aspectos destacables:** do autor de “Confundindo historias” e “Inventando números”, publicadas por KALANDRAKA; ilustración de portada de Pablo Otero
- **Aplicacións:** claves sobre a construción de historias; concepto de ‘binomio fantástico’